



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Novas Tecnoloxías Aplicadas a Educación		Código	652111303
Titulación	Mestre: Especialidade en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	Anual	Terceiro	Troncal	3.5
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Digon Regueiro, Alba Patricia	Correo electrónico	patricia.digon@udc.es	
Profesorado	Digon Regueiro, Alba Patricia	Correo electrónico	patricia.digon@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	<p>A materia de Novas tecnoloxías aplicadas á educación forma parte do plan de estudos da diplomatura de Mestre especialista en Educación Infantil. Impártese no último curso e é unha materia troncal de 4 créditos, 3 teóricos e 1 práctico, o que equivale no Sistema Europeo de Transferencia de Créditos a aproximadamente 3.5 créditos que representan o redor de 87 horas de traballo do estudante.</p> <p>Os descritores desta materia son os seguintes: Recursos didácticos e novas tecnoloxías: utilización nas súas distintas aplicacións didácticas, organizativas e administrativas. Utilización dos principais instrumentos informáticos e audiovisuais.</p> <p>Os estudos conducentes ao título de Mestre especialista en Educación Infantil teñen como principal fin dotar aos futuros mestres das competencias necesarias para desenvolver a actividade docente nos niveis educativos de 0 a 6 anos. Entre as funcións centrais na actividade docente está o deseño e desenvolvemento dun curriculum que permita o desenrolo integral dos nenos e nenas das etapas da Educación Infantil e que responda a unha serie de principios xerais relacionados cunha educación democrática, inclusiva e preocupada pola xustiza social. Como elementos clave do curriculum sobre o que o futuro mestre deberá tomar decisións están os medios e recursos didácticos que permitirán o traballo dos contidos do curriculum e contribuirán a consecución dos fins educativos buscados.</p> <p>A materia de Novas tecnoloxías aplicadas á educación dotará os futuros mestres coas competencias necesarias para poder analizar, avaliar, seleccionar, utilizar e crear recursos baseados nas tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Na sociedade actual, definida como sociedade da información, a xeración, procesamento, manipulación e transmisión de información grazas as TIC son agora as actividades centrais e as principais fonte de produtividade e poder. A escola debe responder aos avances tecnolóxicos tendo en conta que a mera introdución das novas tecnoloxías no curriculum non implica a mellora da calidade da educación, sendo posible seguir reproducindo formas tradicionais de ensinanza pero con novos medios. É por isto necesario unha reflexión previa sobre os fins buscados, os cales deberán encamiñarse a formar a futuros cidadáns con capacidade para analizar de forma crítica a información transmitida a través das TIC, con capacidade para crear información mediante as TIC, con capacidade para aprender a aprender e comprometidos coa defensa da xustiza social.</p> <p>Dende unha postura crítica ante as novas tecnoloxías o docente deberá, por unha banda, guiar o estudante na súa construción do coñecemento, contribuíndo a súa vez a que se converta en intérprete crítico dese coñecemento. Ademais o docente deberá ser consciente da non neutralidade da tecnoloxía e dos intereses que se atopan tras todo avance tecnolóxico, analizando o papel das novas tecnoloxías no aumento ou diminución das desigualdades sociais, etc. Por outra banda o docente deberá utilizar estes recursos tecnolóxicos para favorecer a investigación da súa propia práctica levando a cabo procesos de investigación-acción que favorezan a mellora da súa labor docente.</p> <p>A materia de Novas tecnoloxías aplicadas á educación asignada a área de Didáctica e Organización escolar se relaciona con outras materias do plan de estudos da diplomatura de Mestre especialista en Educación Infantil como poden ser Didáctica Xeral, Socioloxía da Educación, Teorías e institucións contemporáneas de educación ou Organización escolar.</p>			



Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Capacidade para comprender a complexidade dos procesos educativos en xeral e dos procesos de ensino-aprendizaxe en particular (fins e funcións da educación e do sistema educativo, teorías do desenvolvemento e da aprendizaxe, o contorno cultural e social e o ámbito institucional e organizativo da escola, o deseño e desenvolvemento do currículo, o rol docente...).
A4	Deseñar e desenvolver proxectos educativos e unidades de programación que permitan adaptar o currículo ao contexto sociocultural.
A7	Preparar, seleccionar, construír e empregar materiais didácticos, incorporando axeitadamente as TIC.
A9	Realizar actividades educativas de apoio no marco dunha educación inclusiva.
A11	Participar en proxectos de innovación relacionados co ensino e aprendizaxe que permitan introducir propostas encamiñadas á mellora da calidade educativa.
A15	Asumir a dimensión ética da profesión, potenciando no alumnado unha actitude de cidadanía crítica e responsable.
A34	Ser quen de crear, seleccionar e avaliar materiais curriculares destinados á promoción da aprendizaxe a través de actividades adaptadas ao alumnado destas idades.
A38	Deseñar, aplicar e avaliar actividades, materiais e outros recursos que fomenten a creatividade infantil.
A46	Fomentar á iniciación no emprego das TIC.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de búsqueda e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B14	Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Capacidade para comprender e analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade e na educación desenvolvendo un compromiso ético co papel liberador das novas tecnoloxías fronte o seu posible papel opresor.	A7 A15 A46	B3 B6 B10 B25	C3 C6 C8
Capacidade para preparar, seleccionar, avaliar, crear e construír materiais didácticos coas TIC para o traballo das distintas áreas do curriculum da Educación Infantil e tendo en conta principios educativos como a educación democrática e inclusiva e a preocupación pola xustiza social.	A7 A9 A15 A34 A38 A46	B5 B7 B11 B12 B22 B25	C1 C3



Capacidade de emprego das TIC como ferramentas que, adecuadamente integradas no curriculum, poden contribuir a mellora da formación docente, da calidade do ensino nos niveis da educación infantil e que poden favorecer os procesos de construción do coñecemento por parte dos estudantes.	A1	B1	C7
	A4	B2	
	A7	B3	
	A11	B14	
	A46	B16	
		B25	

Contidos	
Temas	Subtemas
Sociedade e TIC: o papel das TIC na sociedade da información	Concepto e características das TIC. Mitos asociados as TIC. Sociedade da información. Papel das novas TIC na globalización económica, política e cultural. Neoliberalismo. Pensamento único. Corporacións no sector das TIC. TIC como produto de mercado. Desigualdades sociais e fenda dixital. Papel liberador ou opresor das TIC.
TIC e educación: a integración das TIC no curriculum e na escola.	Enfoques do curriculum e integración das TIC. Modelos de comunicación e integración das TIC. Posturas do docente ante as TIC. Papel do docente na sociedade da información. Propostas oficiais de integración das TIC na escola. Proxectos nacionais e internacionais de traballo educativo coas TIC. Integración das TIC como recurso educativo, obxecto de estudio e axente educativo. TIC e educación democrática e inclusiva.
Recursos multimedia e educación	Os códigos audiovisuais e multimedia. Propostas para a análise crítico, selección, avaliación e utilización curricular de recursos multimedia elaborados con fins educativos e non educativos para o traballo no campo da educación infantil. Análise crítico de software educativo e comercial para á educación infantil e valoración das súas posibilidades educativas. Creación dun recurso interactivo, multimedia e/ou na rede para o traballo de distintos contidos da educación infantil utilizando programas de software gratuito e ferramentas de autor elaboradas con fins educativos, utilizando recursos da rede e utilizando a pizarra dixital interactiva.
Internet e educación.	Análise, selección, avaliación e utilización dos distintos recursos, aplicacións e servizos da rede de comunicación de Internet e investigación crítica das súas posibilidades para a mellora dos procesos de ensinanza e aprendizaxe na educación infantil e a investigación e mellora da propia práctica docente. Acercamento á web 2.0, análise das súas posibilidades educativas e creación de recursos na rede. Aproximación á teleformación, aos entornos virtuais de aprendizaxe e as redes sociais como recursos para a investigación e mellora da propia práctica docente.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba de resposta breve	2	4	6
Actividades iniciais	2	0	2
Análise de fontes documentais	4	8	12
Discusión dirixida	5	0	5
Lecturas	0	8	8
Prácticas a través de TIC	8	16	24
Presentación oral	6	6	12
Sesión maxistral	5	10	15
Traballos tutelados	0	0	0
Atención personalizada	3	0	3



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba de resposta breve	Exame escrito sobre os contidos teóricos do programa e resposta a preguntas de cada capítulo do libro electrónico.
Actividades iniciais	Explicación do plan de traballo e das partes teórica e práctica da materia. Explicación do traballo a través da plataforma de teleformación.
Análise de fontes documentais	Análise de documentos escritos, audiovisuais, hipertexto e multimedia para o traballo dos contidos da materia.
Discusión dirixida	Debates basados na resposta a preguntas formuladas tras o visionados de documentos audiovisuais.
Lecturas	Lectura dun libro electrónico e outros documentos colgados na plataforma de teleformación.
Prácticas a través de TIC	Explicación e traballo con distintos recursos na rede, con distintos programas de software gratuito e ferramentas de autor e coa pizarra dixital
Presentación oral	Presentación da blogue da grupo na que se recolle a proposta educativa elaborada entorno a un proxecto de investigación ou centro de interese con distintas actividades na que se empregan as TIC.
Sesión maxistral	Explicacións por parte da docente dos documentos de traballo e dos recursos a utilizar para a realización da proposta educativa
Traballos tutelados	Realización dunha proposta educativa baseada nun proxecto de investigación ou centro de interese e na se utilizarán distintos recursos tecnolóxicos e se xustificará en base aos contidos teóricos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC Traballos tutelados Presentación oral Proba de resposta breve	Atención e seguimento do traballo realizado por cada grupo na realización da proposta educativa, na preparación da presentación oral da mesma e na preparación do exame escrito.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Presentación oral	Presentación oral da bloque na que se recolle a proposta educativa elaborada cos recursos tecnolóxicos creados.	50
Proba de resposta breve	Exame escrito sobre os contidos teóricos do programa.	50
Outros		

Observacións avaliación
As dúas partes deberán estar aprobadas para superar a materia. Tanto na presentación oral da bloque como no exame haberá que acadar unha nota mínima de 5 puntos para despois facer a media das dúas cualificacións.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Didáctica Xeral I/652111103

Didáctica Xeral II/652111361

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticum II/652111310

Materias que continúan o temario

Observacións

Seguimento da materia ao longo do curso e asistencia a titorías.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías